



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA (FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA), PARA O FINANCIAMENTO DO "PROGRAMA DE APOIO SOCIOEDUCATIVO COMUNITARIO E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA NO RURAL" E PARA O PROGRAMA "TECENDO SAÚDE MENTAL" PARA PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL NA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA NO EXERCICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da concesión directa dunha subvención pública, do programa específico orientado ao apoio socio-educativo comunitario e a prevención das situacións de dependencia no medio rural para persoas con enfermidade mental en Galicia, así como o programa Tecendo Saúde Mental que Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), ten previsto desenvolver durante o ano 2024

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención e promoción da autonomía persoal das persoas con enfermidade mental, desenvolvendo programas co obxectivo de recuperar á persoa e acompañala neste proceso, así como a súa familia e persoas coidadoras, evitando a cronificación desta situación e previndo o desenvolvemento dunha situación de dependencia, especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil, como é o medio rural.

Este programa goza da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da Estes programas gozan da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto no artigos 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos que se prevé a posibilidade de exceptuar o réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao





carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) é a única entidade de iniciativa social de ámbito autonómico que desenvolve, no ámbito da Comunidade Autónoma galega, programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias e/ou persoas coidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo en Galicia, brindando apoio e coordinación ás asociacións que a integran, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características das actuacións que se van financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade segundo o no Decreto 139/2024, do 20 de maio, na área específica da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade, as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, e a exclusividade dos programas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria dixitalmente en Santiago de Compostela

